

O legado de Viqueira a través dos fillos

María Obelleiro

O ronsel que Xoán Vicente Viqueira deixou tras de si continúa vivo alén do mar “con Galiza sempre no corazón”, como apunta o pedagogo Antón Costa. Dende 1939, México D.F. converteuse na casa de Luísa, Carme e Jacinto, os tres fillos de Viqueira e de Jacinta Landa. O número 39 da *Revista Galega de Educación* trae ás súas páxinas a biografía de Viqueira por Antón


Costa e a vida dos tres fillos a xeito de homenaxe para o filósofo, psicólogo e educador. Elixio Villaverde García, Ana Miranda e Manuel Rodríguez Viqueira, fillo de Luísa, foron os enlaces cos que a publicación conseguiu contactar co legado vivo do que foi un dos grandes humanistas galegos do pasado século.

COÑECIMENTOS AO SERVIZO DA TERRA. Malia que naceu en Madrid

no 1886, Xoán Vicente Viqueira veu vivir para Vixoi, en Bergondo, aos poucos anos de vida. Neto do rexionalista Xosé Pascual López-Cortón, volveu a Madrid con doce anos para estudar na Institución Libre de Ensinanza e na facultade de Filosofía. Segundo conta Antón Costa, Viqueira compatibilizou o tratamento da súa osteomielite en París “coa asistencia ás aulas da Sorbona e

do Collège de France”, onde escoitou as leccións de Durkheim, Bouglé, Levy-Bruhl e Bergson. O profesor da USC tamén fai un percorrido pola formación alemá de Viqueira e pola súa etapa no Museo Pedagóxico Nacional, en Madrid. Non se esquece dos seus anos como catedrático de psicoloxía, ética e lóxica en Santiago e na Coruña até a súa morte en 1924, con só 38 anos.

A actividade nas filas do nacionalismo, os textos que Viqueira escribiu n’ *A Nosa Terra* e as súas preocupacións pola modernización, galeguización e a incorporación da muller ao ensino tamén son abordados por Costa na biografía dunha “figura notábel e sobranceira: filósofo, psicólogo e pedagogo; internacionalista, socialista, ético, institucionalista e nacionalista galego”. ●



Luísa, Jacinto e Carme [de esquerda a dereita], de maior a menor, viven en México DF.

Luísa, a filla que un día falou galego

Segundo Antón Costa, Luísa Viqueira Landa, nada no 1918 na Coruña, foi a única dos tres fillos que aprendeu galego. Ao tempo que paseaban pola horta da casa de San Vitorio, Viqueira ía ensinándolle a Luísa o nome das plantas e dos animais en galego. Cando o seu pai finou, viuse na obriga de marchar co resto da familia a Madrid para estudar no Instituto-Escola e na ILE. Logo, remataría os estudos universitarios de Bioloxía. Ao irromper o golpe de Estado, exiliouse en Francia e volveu para a zona republicana en Barcelona, onde traballou como educadora infantil. Tamén coidou dos nenos da guerra en Rusia e, finalmente, no 1939 trasladouse a México. Ademais de militar no PCE, participou activamente no galeguismo. Entre o 1959 e o 1968, as follas da revista *Vieiros* acolleron numerosos artigos de Luísa. ●

Jacinto, recoñecementos ao mérito académico

Badajoz, terra da súa nai, viu nacer a Jacinto no ano 1921. A súa infancia transcorreu en Madrid, cidade na que seguiu os pasos de formación das súas irmás. Aos 16 anos, Jacinto tivo que ingresar na milicia republicana até que se puido reunir en Londres con toda a familia para marchar a Nova York e de aquí a México, onde traballou como docente universitario en enxeñería de electricidade. A súa intensa obra académica valeulle a Jacinto o premio *Universidad Nacional en Ciencias Matemáticas*, no 1986. No 2003, a Asociación Nacional de Facultades e Escolas de Enxeñaría outorgoulle o recoñecemento ao mérito académico. Entre a súa obra, cómpre salientar *Introducción a la ingeniería: ingeniería, sociedad y medio ambiente*. ●

Carme, a pegada de Viqueira na psicoloxía

Malia que naceu no 1923 en Badajoz, Carme viviu os primeiros anos de vida en San Fiz de Vixoi, Bergondo, até morrer o pai. En Madrid, Carme asistía ás clases da ILE e regresaba cada verán a Galiza. No 1936, acompañou a familia un grupo de mozos que viaxaron a San Vitorio para coñecer a vida campesiña, pero por mor da sublevación, tiveron que agocharse máis de nove meses até que foron rescatados por ingleses que os embarcaron para Bayonne. Mentres Luísa coidaba dos nenos da guerra en Rusia e Jacinto permanecía enrolado na milicia republicana, Carme, en medio de toda caste de penalidades, era enviada a Londres con só quince anos. Con toda a familia marchou para México, onde traballou como profesora de psicoloxía na Universidad Iberoamericana, logo de ter vivido en Washington co home e os fillos. ●